




NOVAS PENZOL

Número 19. Novembro de 2018

EXECUTORIAS DE FIDALGUÍA

Na Fundación Penzol custódianse vinte documentos probatorios de fidalguía, dos que seis son Cartas Executorias de Fidalguía, que forman parte da súa importante colección de libros manuscritos datados entre o século XVI e o XIX, sendo unha mostra do labor de custodia e estudo da nosa historia e da nosa memoria que desempeña a F. Penzol.

As Executorias de Fidalguía son produto de conflitos propios da sociedade estamental e, fundamentalmente, do interese por parte das familias fidalgas de probar a súa pertenza á nobreza e de obter ese recoñecemento público, xunto cos privilexios vinculados. Estes documentos singulares, ademais de teren algúns deles un valor artístico destacábel, aportan información moi valiosa para o mellor coñecemento desa sociedade.



Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol na elaboración deste boletín.

Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

AS EXECUTORIAS DE FIDALGUÍA E OUTROS DOCUMENTOS PROBATORIOS DE NOBREZA

Na sociedade estamental, consolidada na Idade Moderna, os dereitos e as obrigas das persoas estaban directamente vinculados ao seu estamento. A pertenza á nobreza supuña o recoñecemento de moitos privilexios, dende a exención de cargas tributarias aodereito en exclusiva a desempeñar certos cargos e gozar de determinadas prebendas.

A competencia de inscribir no correspondente padrón a plebeos e a fidalgos era dos municipios. A miúdo os municipios carecían dos medios necesarios para realizar esa función de maneira fidedigna e, ademais, estaban interesados en aumentar a nómina de contribuíntes, polo que era relativamente frecuente que aparecesen como plebeos algúns particulares que consideraban teren dereito a estar inscritos como fidalgos. Este conflito desembocou en multíude de preitos. Cando o particular gañaba o preito, solicitaba unha orde para que a setenza se cumprise.



As Cartas Executorias de Fidalguía son ordes dadas pola Chancillería Real, a petición xeralmente dun particular, para que se execute unha sentenza. As chancillerías que despachaban estes asuntos, para o que contaban cunha ‘Sala de Hijosdalgo’, eran, primeiramente, a de Valladolid e, máis tarde, tamén a de Granada.

Para Ángel Hernández, en *Clasificación diplomática de los documentos reales en la Edad Moderna*, estas executorias son un tipo de Real Provisión: “son os documentos solicitados pola parte gañadora do preito polos que se ordena a execución da sentenza ao seu favor”.

Elisa Ruiz García en *La carta ejecutoria de hidalgía: un espacio gráfico privilegiado*, defende o seu tratamento como un tipo documental propio e independente. Considera que estas executorias “revestiron sempre

unha forma diplomática específica que se vén identificando coa dunha real provisión no que respecta á estrutura do teor, sen embargo, dende as súas orixes, os documentos deste tipo expedidos polos ditos órganos xudiciais a petición de parte e como garantía dun dereito recibiron a denominación de “cartas executorias”. Esa denominación parécelme moi axeitada xa que, en efecto, esas pezas teñen unha acusada personalidade, debido ao que resulta apropiado diferenciar tales escritos do patrón xenérico que responde ao nome de ‘real provisión’...”.

No mesmo traballo, Elisa Ruiz García valora a importancia deste tipo de documentos que son unha fonte de información moi valiosa para estudos de diferentes especialidades: arquivística, diplomática, paleografía, xenealoxía, heráldica, historia da arte, socioloxía, historia, dereito, etc.

Conforme o estado moderno se foi asentando, foi tamén medrando a necesidade de contar co recoñecemento oficial do status social. Non abondaba con dispor dunha liña xenealóxica nobre, era preciso refrendala cun documento oficial, chegando a falarse dos ‘fidalgos de executoria’. Cando unha familia dispuña dese recoñecemento público mediante a Carta Executoria de Fidalguía, trataban de darlle realce mediante a elaboración de libros ricamente iluminados, que acabaron converténdose en pezas valiosas do patrimonio histórico.

Aínda que as Cartas Executorias foron as probas de fidalguía de maior recoñecemento, houbo outras. Na Fundación Penzol custódianse 20 documentos probatorios de fidalguía. Rafael Rodríguez Fernández-Broullón no libro *De Heráldica y Genealogía. Pruebas de nobleza depositadas en la Fundación Penzol de Vigo*, clasifica 16 dos 20 documentos en seis clases:

1. Executorias de Fidalguía, das que cita catro, aínda que hai seis.
2. Reais Provisións de Fidalguía, cita unha de dúas.
3. Informacións de Nobreza, cita tres de catro.
4. Certificacións de Armas, catro.
5. Testamentos e Fundacións vinculares, tres.
6. Despacho de Fidalguía, un.

Referencias bibliográficas:

-Hernández García, Ángel: *Clasificación diplomática de los documentos reales en la Edad Moderna*. Norba, revista de historia. N° 15 (1995), pp. 169-186.

<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/241012.pdf>

-Ruiz García, Elisa: *La carta ejecutoria de hidalguía: un espacio gráfico privilegiado*. La España medieval. N° extra 1 (2006), pp. 251-276.

<https://revistas.ucm.es/index.php/ELEM/article/download/ELEM0606220251A/21625>


-Rodríguez Fernández-Broullón, Rafael : *De Heráldica y Genealogía: pruebas de nobleza depositadas en la Fundación Penzol de Vigo*. Sevilla, 2008 : Fabiola de Publicaciones Hispalenses.

COLECCIÓN DE DOCUMENTOS PROBATORIOS DE FIDALGUÍA DA FUNDACIÓN PENZOL

1. EXECUTORIAS DE FIDALGUÍA

TÍTULO	CHANCELARÍA	DATA	OBSERVACIONES	SIGNATURA
Executoria de fidalguía dos irmáns Alonso e Francisco García, vecíños de Fuentes de Ropel. [Don Carlos...emperador ...de Alemania... rey de Castilla... a quien esta nuestra carta executoria fuese mostrada ... sepades que pleyto paso ... entre Francisco García e Alonso García hermanos vecinos de la villa de Fuentes de Ropel]	Valladolid	1555	Manuscrito sobre pergameo. Contén iluminación polícroma de Santiago Matamouros e algúns parágrafos do texto.	CF-C-2/1
Executoria de fidalguía de Ares Fernández. [Executoria de hidalguía en forma a pedimento de Ares Fernández difunto vecino que fue del Concejo de Nabia de Suarna y Alonso Menéndez de Cabanela, escribano, y Pedro Menéndez de Cabanela y Pedro Díez de Castelo de María, sus hijos, contra el fiscal ... de dicha villa...]	Valladolid	1593	Manuscrito sobre pergameo. Policromía co escudo de armas dos Menéndez. Letras capitais en dourado, azul e vermello.	CF-2/64
Executoria de fidalguía de Juan Verdugo.[Don Phelipe ... Rey de Castilla de León ... a quieen esta nuestra carta Executoria de hidalguía en ... Granada a pedimento de Juan Verdugo, vezino de Villa Rubia de los Ojos, Ciudad Real ... y Juan López Bravo su procurador].	Granada	1596	Manuscrito sobre pergameo. Encadernación en pel gravada con ferros dourados, iluminación e letras capitais polícromas.	CF-2/80
Executoria de fidalguía de Justino de Nebe. [Executoria de hidalguía en forma a pedimento de Don Justino de Nebe, vecino de la ciudad de Sevilla].	Granada	1643	Manuscrito sobre pergameo. Con policromías e letras capitais ilustradas. Contén doulos documentos soltos con historia dos apelidos Nebe e Vena.	CF-2/55
Executoria de fidalguía de Miguel Pérez Sanjurjo Montenegro. [Ejecutoria de Hidalguía a favor de D. Miguel Pérez Sanjurjo Montenegro, natural de Valderas y residente en Fuente de Cantos, y sus hijos y descendientes].		1750	Manuscrito sobre pergameo. Enmarcado en vermello. Ilustracións polícromas.	CF-2/70

Executoria de fidalguía de Juan Antonio Failde Sanjurjo y Montenegro. [Real Carta Ejecutoria de Hidalguía a favor de D. Juan Antonio Failde Sanjurjo y Montenegro, vecino de la ciudad de Betanzos].	Valladolid	1789	Manuscrito encadernado en piel con ferros dourados. Selo de placa de Carlos III.	CF-2/72
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------	------	-------------------------------------------------------------------------------------	---------



As Executorias de fidalguía eran expedidas polas chancillerías de Valladolid e Granada. Nesta de don Justino de Nebe consta: "Dada en Granada a diez dias de el mes de noviembre de mil seyscientos y quarenta y tres años."



Executoria de fidalguía a favor de D. Miguel Pérez Sanjurjo


2. REAIS PROVISIÓNS DE FIDALGUÍA

TÍTULO	CHANCELARÍA	DATA	OBSERVACIÓNS	SIGNATURA
Real Provisión de fidalguía José Alonso Gil Taboada. [Ejecutoria de hidalguía a favor de D. José Alonso Gil Taboada, Morada y Rico, vecino de La Coruña, expedida por la Sala de Hijosdalgo de la Chancillería de Valladolid].	Valladolid	1763	Manuscrito encadernado con pergamo. Con sello de placa de Carlos III.	CF-2/53


Real Provisión de Fidalguía de D. Andrés Muñiz Araujo. [Traslado de la Real Provisión de la Sala de Hijosdalgo de la Real Chancillería de Valladolid ordenando al Ayuntamiento de la Coruña dar estado de hijosdalgo a D. Andrés Muñiz Araujo, natural de la Villa de Luanco, Consejo de Gozón, Principado de Asturias, y vecino y del comercio de la ciudad de La Coruña ...]	Valladolid	1801		CF-2/51
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------	------	--	---------

3. INFORMACIONES DE FIDALGUÍA

TÍTULO	LUGAR	DATA	OBSERVACIONES	SIGNATURA
Información de filiación e nobreza de Andrés Francisco Vázquez Quiroga y Salgado. [Papeles de la limpieza y nobleza de D. Andrés Francisco de Quiroga Salgado y Pimentel de la Casa de Seyjos, Jurisdiccion de Monterroso, Obispado de Lugo]		1698	Encadernado en pergameo.	CF-2/45
Información de fidalguía da liñaxe dos Calo. [Traslado por ante el escribano del Ayuntamiento de Noya, Juan Henríquez Ossorio, de la compulsa de la información de nobleza presentada por D. Luis Antonio Álvarez Calo y Villar de Francos, señor de la Casa de Calo y vecino de Noya, a fin de que se le incluyese en la lista de nobles de dicha villa].	Noia	1794	Manuscrito encadernado con pergameo. Con sello de Carlos IV.	CF-2/54
Información de fidalguía de D. José María de Camus Herrera. [Traslado por ante el escriano público de la ciudad de Manila, José de Flores, de la información de hidalgua de D. José María de Camus Herrera, a instancia de su padre D. Mauel de Camus Herrera, Coronel del Regimiento de Milicias Provinciales de Pampanga y Bulacán (Manila)]	Manila	1795	Manuscrito encadenado en veludo vermello sobre pergameo. Selo de Carlos III e sobre el, sello de Carlos IV	CF-2/59
Información de fidalguía dos Díz Lopez Sotomaior. [Testimonio de los autos de distinción i nobleza de el Señor Dn. Francisco Antonio Díz Lopez Sotomaior que se obraron en virtud de la Real Gracia que obtubo en la Real i distinguida Orden de Carlos III ... natural de la villa de Pontevedra, Reino de Galicia].	Pontevedra	1799	Manuscrito encadernado en vitela gravada. Con selos de Carlos IV e da Ilustre Congregación de Escrivanos de Pontevedra.	CF-2/57



Información de fidalguía dos Díz López Sotomaior



Certificación de armas dos apellidos Sánchez e Ulloa

4. CERTIFICACIONES DE ARMAS

TÍTULO	LUGAR	DATA	OBSERVACIONES	SIGNATURA
Certificación de armas dos apellidos Sánchez e Ulloa. [Certificación de armas de los ilustres apellidos de Sánchez y Ulloa a pedimento de D. Pedro Sánchez de Ulloa, Caballero de la Orden de Santiago].	Madrid	1728	Manuscrito sobre pergameo. Encadernado en seda sobre cartón. Selos de placa e selo de Felipe V.	CF-2/73
Certificación de armas dos apellidos Sanjurjo, Montenegro, Miranda e Rodiles. [Certificación de armas de los apellidos Sanjurjo, Montenegro, Miranda y Rodiles, a pedimento de Miguel Pérez Sanjurjo y Montenegro].	Madrid	1750	Manuscrito sobre pergameo. Enmarcado en vermello. Ilustraciones polícromas. Encadernado en pel en dúas cores e con ferros dourados	CF-2/70
Certificación de armas da familia Abella. [Blasón y certificación de armas de la ylusre familia de los Abellas. Dada a favor de los señores Don Francisco, y don Antonio Abella].	Madrid	1800	Manuscrito	CF-2/52

Certificación de armas de familia Jofre. [Real Despacho de Hidalguía y Blasones del Señor Don Joaquín Jofre].	Madrid	1887	Manuscrito con ilustraciones polícromas. Encadernado en pel con ferros dourados.	CF-2/69
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------	------	-------------------------------------------------------------------------------------	---------



O testamento do Capitán Don Juan de Gayoso do século XVI é o exemplar de más rica elaboración das probas de fidalguía da Fundación Penzol

5. TESTAMENTOS E FUNDACIÓNES VINCULARES

TÍTULO	LUGAR	DATA	OBSERVACIONES	SIGNATURA
Testamento de don Juan de Gayoso. [Traslado por ante el escribano de número de Santiago, Gonzalo Puñal, de los autos de apertura del testamento cerrado del Capitán Don Juan de Gayoso, Deán de Mondoñedo, otorgado en 27 de diciembre de 1558 en Santiago, en el que funda un mayorazgo a favor de su sobrino Lope Díaz de Gayoso, Mayordomo del Hospital Real de Santiago, sobre bienes en Orense y Lugo].	Santiago	1562	Manuscrito sobre pergameno. Encadernado en pel gravada. Ricamente ilustrado con iluminaciones polícromas.	CF-2/58
Testamento de Francisco Blanco de Salcedo. [Testamento que otorgó el Licenciado Francisco Blanco de Salcedo Ynquisidor de Balladolid y su destricto y canónigo de la sancta yglesia del señor Santiago]		1609	Manuscrito sobre pergameno. Encadernado en pel gravada con ferros dourados.	CF-2/66
Cláusulas de diferentes mayorazgos do condado de Maceda. [Clausulas de diferentes mayorazgos, sobre los cuales se halla pendiente pleito de tenuta, entre don Joseph Longinos Lanzós		1771	Manuscrito sobre papel.	CF-2/60(1)

y Andrade ..., Gonzalo Manuel Lanzós Leon y Lando, Conde la la Fuente del Saúco ... y Don Balthasar Pardo, Marques de Figueroa ... vacantes por la muerte sin sucesion de dona Maria Concepcion Lanzós, Condesa de Macea ... : las cuales se han impreso ... en cumplimiento del Decreto del Consejo de 18 de mayo de 1770 / escribano de Camara Don Antonio Martinez Salazar]				
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	--	--	--

6. DESPACHO DE FIDALGUÍA

TÍTULO	LUGAR	DATA	OBSERVACIONES	SIGNATURA
Despacho de fidalguía da familia Jofre. [Real Despacho de Hidalguía y Blasones del Señor Don Joaquín Jofre].	Madrid	1887	Manuscrito con ilustracións polícromas. Encadernado en pel con ferros dourados	CF-2/69

BIBLIOTECA PENZOL
bibliografía sobre as probas de fidalguía
da Fundación Penzol

-Rodríguez Fernández-Broullón, Rafael
De Heráldica y Genealogía: pruebas de nobleza depositadas en la Fundación Penzol de Vigo.
 Sevilla, 2008 : Fabiola de Publicaciones Hispalenses.
 Sign.: 135/40.

